



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CRA. BOQUEIXÓN-VEDRA "Neira Vilas"

Centro sociocultural Camilo José Cela

Lestedo - 15881 Boqueixón (A Coruña) Tfno: 616440471

Correo Electrónico: cra.boqueixon.vedra@edu.xunta.es



PLAN DE CONTINXENCIA polo Covid-19

CRA BOQUEIXÓN-VEDRA
"Neira Vilas"
Versión 10?/11/2020



ÍNDICE



Contextualización



Actuacións previas diante da aparición dun abrocho



Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial



Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial



Contextualización

Segundo o PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2020-2021 VERSION 22-07-2020 publicado pola Consellería de Educación, como se recolle no apartado 2.1 dos Principios Sanitarios Básicos, o centro educativo elaborará un “Plan de Continxencia” de conformidade coas previsións do modelo que figura no Anexo VI no que se establecerán a medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

O presente documento ten por obxecto desenvolver en base ao Protocolo citado e ao Plan de Adaptación Covid 19 do CRA Boqueixón-Vedra “Neira Vilas” as medidas axeitadas e os procesos requeridos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.



Actuacións previas diante da aparición dun broche

1. **Non asistirán ao centro** aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan **síntomas compatibles con COVID-19**, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliar por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

É compromiso individual e particular de toda a Comunidade Educativa do Cra Boqueixón-Vedra "Neira Vilas" a realización previa da autoenquisa (Anexo Plan de Adaptación) antes de asistir ao centro educativo, así como de poñer en coñecemento do Equipo Covid do Cra Boqueixón-Vedra "Neira Vilas" tal circunstancia.

2. Diante dun suposto no que un alumno/a do que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo, seguirase o protocolo de actuación do centro e:

- Levarase ao espazo Covid que corresponde segundo a ubicación da persoa sintomática (contará con ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa e pedal), colocaráse unha máscara cirúrxica, e contactarase coa familia e o coordinador COvid do centro, seguindo o apartado do Plan de Adaptación do Cra Boqueixón-Vedra "Neira Vilas" que corresponde a Xestión de gromos.
- A persoa que o acompañe deberá levar o material de protección adecuado:
 - ✓ Máscara cirúrxica
 - ✓ De forma EXCEPCIONAL, e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso de máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula, ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese máscara FFP2, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior con ventilación adecuada.

O centro contará cun stock de material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

3. Débese **chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia (designado pola Consellería e recollido no Plan de Adaptación), ou ao teléfono de referencia do SERGAS** e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou



dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo deberá seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus no centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a **persoa coordinadora (Directora ou Secretaria (suplente))** do equipo formado na COVID-19 a petición dos servizos de saúde a través de Educovid, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de que sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

5. **A familia** dun neno ou nena con **sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra** para que este avalíe a necesidade de **solicitude dunha proba diagnóstica**. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

6. **Tras a aparición dun caso** diagnóstico da Covid-19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que no noso centro teña que **estar illada unha escola** (aula ou dúas aulas no caso de San Xián e Sarandón) mantendo o funcionamento do resto das escolas da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

7. **A autoridade sanitaria**, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo Covid do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria

8. **A autoridade sanitaria**, en función do número de contaxios, **poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, aulas ou de ser o caso, da totalidade do centro educativo. A medida será proposta pola Autoridade Sanitaria dentro do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia, previsto no punto 10.1 do Protocolo da Consellería de Sanidade e Educación para o curso 2020-2021**

9. A aparición dun **contaxio sospeitoso con posterior confirmación** é un suposto de **declaración obrigatoria** que implicará

por parte da autoridade sanitaria a obriga de **entrada en corentena de polo menos 10 días** a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.

10. **A SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL suporá a aplicación** das normas previstas no Protocolo e Plan de Continxencia realizado en agosto e modificado catro veces xa en función do ordenado pola Consellería de Educación e de Sanidade, na Resolución conxunta do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto de Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 e na Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19, relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase a nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial

1. **O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado a través da páxina web, videoconferencias a través de Cisco webex e da Nube do noso Proxecto Rede Escolas na Nube, e os grupos de whatsapp das escolas. Estamos a por en marcha a aula virtual do centro para poder ser empregada para tal fin. A nosa formación empezará a partires de outubro.** O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
2. **O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión** ou falla de equipamento para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
3. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co

tempo de suspensión.

4. **Durante o período de suspensión** da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes **medidas**:

4.1 De carácter xeral:

a) **Manter o contacto permanente co alumnado** e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia. Vía telefónica, con número oculto se se emprega o teléfono persoal, con correo corporativo, vía Cisco Webex ou ante a mala calidade do internet no rural, poderase tamén empregar os grupos de whatsapp das escolas (previa autorización das familias), pois os datos móbiles van moito máis rápido. Agás o whatsapp, empregaranse sómente medios corporativos e da Consellería para cumprir a Lei de protección de datos vixente e garantir a unificación a nivel de centro. Ao longo do primeiro trimestre poremos en funcionamento a aplicación abalarmóbil non só para recibir as cualificacións do alumnado se non tamén para poder ter mensaxería cas familias, envío de comunicados e documentacións oficiais, xustificar as faltas por este medio e poder reducir o uso do papel para as xustificacións...

b) **Actualizar a páxina web do centro** para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.(somos un centro con alumnado so ata 2º de primaria, o uso de aula virtual é recomendado a partires de 3º) pero de todos xeitos estamos a implementar a aula virtual na nosa páxina web para poder empregala para tales efectos unha vez que recibamos a formación e a teñamos axeitadamente configurada.

c) Poñer en marcha a Nube Nova que es empezou a implementar este curso por AMTEGA, o que conleva un pouco máis de traballo pero para un fin mellor pois a comunicación cas familias, alumnado e profesorado será completamente segura.

d) **Realizar tarefas de desinfección** profundas no centro a través das empresas de limpeza dependentes dos Concellos.

e) **Revisar os protocolos** para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.

f) **Coordinar** co profesorado implicado todas as actividades a realizar.

4.2 De carácter individual:

Entendemos que cada escola ten unhas características diferentes tanto por cantidade de alumnado, cantidade de niveis en aula e ubicación das mesmas, así como traballo das familias e dispoñibilidade de cara ao

acompañamento nun traballo virtual cos nosos alumnos/as que pola súa idade necesitan de moita axuda, polo que a continuación detallamos o traballo que se realizará en cada escola en caso de tres supostos:

Confinamento de un neno/a solo, confinamento da escola enteira e peche da actividade lectiva de tempo indeterminado.

CAMPORRAPADO.-7 alumnos/as de 3, 4 e 5 anos.-

- 1 neno/a solo.- Facer diariamente as rutinas da asamblea: recta numérica co calendario, traballo con palabras significativas como o seu nome, o nome dos compañeiros...

- Aula enteira.- 2 sesións webex ou pola Nube semanais, todos xuntos para facer conxuntamente as rutinas da aula, traballos específicos... OI resto do tempo realizarían actividades indicadas na sesión webex e as subidas na páxina web na pestana da súa escola.

- Peche total.- As reunións webex ou por Nube manteríanse igual. Iriáanse ampliando coñecementos nestas sesións e reforzaríase con traballo subido na páxina web na pestana da súa escola e cos retos e actividades argallados en conxunto por todos os mestres do CRA.

Na programación temos recollida unha hora semanal de titoría, pero neste caso non podemos marcar unha hora inamovible. Adaptarémonos ás posibilidades horarias das familias par poder traballar todos xuntos e ben coordinados.

Sempre se manterá unha comunicación fluída cas familias para poder adaptarnos aos horarios, ás necesidades e solventar todas as dúbidas que vaian xurdindo

SERGUDE.-13 nenos/as de 3, 4 e 5 anos)

- 1 neno/a solo.- Seguir as rutinas diarias e de calendario, conteo na recta numérica dos días do calendario. Traballo con palabras significativas como días da semana, seu nome ou familiares....

- Aula enteira.- O traballo sería igual que no anterior caso pero realizaríanse 2 sesión webex, unha a principio da semana para traballar estas rutinas, lectura de contos e retos matemáticos e outra a finais para falar dos resultados obtidos, das dúbidas e solucións (en función do horario que mellor lle conveña ás familias). Estas dúas sesión realizaríanse por grupos, non todos xuntos pois son moitos. O reparto sería o mesmo que hai na escola nos subgrupos colaborativos (5,4, 4)

- Peche total.- As reunións webex ou por Nube manteríanse igual. Iriáanse ampliando coñecementos nestas sesións e reforzaríase con traballo subido na páxina web na pestana da súa escola e cos retos e actividades argallados en conxunto por todos os mestres do CRA..

Na programación temos recollida unha hora semanal de titoría, pero neste caso non podemos marcar unha hora inamovible. Adaptarémonos ás posibilidades horarias das familias par poder traballar todos xuntos e ben coordinados.

Sempre se manterá unha comunicación fluída cas familias para poder adaptarnos aos horarios, ás necesidades e solventar todas as dúbidas que vaian xurdindo.

LESTEDO.-15 nenos/as de 3, 4 e 5 anos)

- 1 neno/a solo.- Os traballos e actividades enviaranse a través da páxina web , coordinándose ca familia e en caso de non ter medios, a través do whatsapp e o correo electrónico.

- Aula enteira.- Realizaríanse 2 sesións de webex ou Nube, unha a principio de semana e outra a finais, en subgrupos. Faríanse tres grupos de 5 nenos/as cada grupo. As sesións terían unha duración aproximada de 15 ou 20 minutos pois son rapaces/as moi pequenos para traballar rutinas, calendario, contos... Este traballo implementaríaase con actividades na páxina web.

- Peche total.- As reunións webex ou por Nube manteríanse igual. Iríanse ampliando coñecementos nestas sesións e reforzaríase con traballo subido na páxina web na pestana da súa escola e cos retos e actividades argallados en conxunto por todos os mestres do CRA..

Na programación temos recollida unha hora semanal de titoría, pero neste caso non podemos marcar unha hora inamovible. Adaptarémonos ás posibilidades horarias das familias par poder traballar todos xuntos e ben coordinados.

Sempre se manterá unha comunicación fluída cas familias para poder adaptarnos aos horarios, ás necesidades e solventar todas as dúbidas que vaian xurdindo.

SAN XIÁN INFANTIL.-12 alumnos (3, 4 e 5 anos)

- 1 neno/a solo.- Mandaríaselle traballo de reforzo en soporte fichas (números, letras, actividades manipulativas...) Tamén se lle achegarían varios contos desde a biblioteca da aula e o material que precisase para realizar todas actividades e tarefas. Manteríase unha coordinación continua ca familia para poder traballar co alumno/a de xeito que fose o máis parecido ao que se fai na escola.

- Aula enteira.- En función da posibilidade de tempo e horario das familias faríanse videoconferencias a través de webex ou da Nube, unha a principio da semana para traballar estas rutinas, lectura de contos e retos matemáticos e outra a finais para falar dos resultados obtidos, das dúbidas e solucións (en función do horario que mellor lle conveña ás familias). Estas dúas sesións realizaríanse en dous grupos, non todos xuntos pois son moitos.

O traballo curricular realizaríase a través de tarefas de reforzo a través da páxina web coas rutinas da aula, contos, números, rectas numéricas e actividades grupais: retos, manualidades...

- Peche total.- As reunións webex ou por Nube manteríanse igual e engadiríase algunha máis de todo o grupo xunto para que se visen todos e puidesen falar e contarse as súas cousiñas.

Iríanse ampliando coñecementos a través de traballo individualizado con contacto directo con cada familia para poder avaliar os avances dos pequenos en cada actividade e así poder guialos mellor e obter un mellor resultado co menor esforzo e traballos das familias posible. Tamén se lles ofertará unha serie de retos e actividades xerais e conxuntas coordinadas

por todo o profesorado do CRA.

Na programación temos recollida unha hora semanal de tutoría, pero neste caso non podemos marcar unha hora inamovible. Adaptarémonos ás posibilidades horarias das familias par poder traballar todos xuntos e ben coordinados.

Sempre se manterá unha comunicación fluída cas familias para poder adaptarnos aos horarios, ás necesidades e solventar todas as dúbidas que vaian xurdindo.

SAN XIÁN PRIMARIA.-14 alumnos/as de 1º e 2º de primaria

-1 neno/a solo.- Traballarase a través da páxina web onde se subirán os contidos a traballar da programación semanal. Manterase contacto coa familia en función da súa necesidade e posibilidade das mesmas.

- Aula enteira.- Realizarase traballo diario s través de videoconferencia vía Webex ou Nube todos os días dividindo a clase en dous grupos par un mellor aproveitamento da sesión: unha sesión a primeira hora da mañá con un grupo e ao remate o seguinte grupo. Despois traballo individualizado do alumnado e a partir das 12 realizarase novamente outra conexión cos dous grupos a través de Webex ou Nube para ver os resultados do traballo realizado, resolver os problemas xurdidos e as dúbidas que se produzan mentres realizan as tarefas diarias.

Peche total.- O traballo desenvolveríase igual que no punto anterior, avanzando contidos igual que se estiveran en clase presencial

SAN FINS.- 13 alumnos/as de 3, 4, 5 anos e 1º e 2º de primaria

- 1 neno/a solo.- Realizaría un contacto e seguimento 3 días á semana. Se é de Infantil realizará as rutinas da asamblea subidas na páxina web no apartado da Escola. Se é de Primaria, a mestra subirá á páxina web os contidos a traballar ao longo da semana nunha programación semanal como fai na clase. Manterse un contacto diario para ver os resultados e poder resolver dúbidas e falar tanto ca familia como co pequeno/a.

- Aula enteira.- Con Infantil realizaranse tres sesións semanais de videoconferencia repartidas en 2 grupos: 3 e 4-5. Realizarase o traballo subido á páxina web de xeito sinxelo e manterase contacto diario cas familias por si xurdise algunha dúbida.

Con Primaria Realizaranse videoconferencias diarias, cada día unha materia: luns-matemáticas, martes-lengua, mércores- lingua, xoves-sociais e naturais, venres lectura comprensiva e gramática. Pola páxina web realizarán os traballos referentes ao traballado na reunión webex e manterase contacto diario cas familias por si xurdise algunha dúbida.

- Peche total.- A programación sería igual que para o anterior caso e seguiranse tamén as actividades de carácter xeral coordinadas polo profesorado do centro.

Na programación temos recollida unha hora semanal de tutoría, pero neste caso non podemos marcar unha hora inamovible. Adaptarémonos ás posibilidades horarias das familias e ás súas circunstancias para poder traballar todos xuntos e ben coordinados.

Sempre se manterá unha comunicación fluída cas familias para poder

adaptarnos aos horarios, ás necesidades e solventar todas as dúbidas que vaian xurdindo.

SARANDÓN INFANTIL.- 6 alumnos/as de 3, 4 e 5 anos

- 1 neno/a solo.- Realizaranse propostas de actividades de reforzo a través do correo electrónico ou entrega personalizada no centro e mantendo contacto co alumno vía webex ou Nube desde o centro en horario escolar, se a familia pode, para que poida manter contacto cos compañeiros.

- Aula enteira.- Realizaríanse actividades de repaso a través da páxina web do centro e realizaríanse 2 videochamadas conxuntas semanais para falar entre eles e facer algunha actividade conxunta.

- Peche total.- Primeiro faríase unha reunión xeral cos pais/nai para explicarlles o funcionamento deste ensino telemático. As reunións webex ou por Nube manteríanse igual. Iríanse ampliando coñecementos nestas sesións e reforzaríase con propostas individuais na páxina web na pestana da súa escola e cos retos e actividades argallados en conxunto por todos os mestres do CRA..

Na programación temos recollida unha hora semanal de tutoría, pero neste caso non podemos marcar unha hora inamovible. Adaptarémonos ás posibilidades horarias das familias par poder traballar todos xuntos e ben coordinados.

Sempre se manterá unha comunicación fluída cas familias para poder adaptarnos aos horarios, ás necesidades e solventar todas as dúbidas que vaian xurdindo.

SARANDÓN PRIMARIA.- 8 nenos/as de 1º e 2º

- 1 neno/a solo.- Traballo de repaso e reforzo baseado na lectura e escritura a través de traballo enviado polo mestre á casa máis a través da páxina web. Realizaríanse varias videoconferencias se se pode en horario escolar, en función da posibilidade familiar, para poder manter o contacto cos compañeiros e o mestre.

- Aula enteira.- O traballo sería igual que no anterior caso. O mestre repartiría o traballo polas casas en caso de que non dera tempo a que o levaran os pequenos/as e seguirían o traballo e avanzarían contido a través das videoconferencia que serían polo menos unha diaria de non menos dunha hora en principio, pois en función do resultado nos iríamos adaptando. Despois farían o traballo individual que xurdira nesta reunión webex.

- Peche total.- O contido seguiríase avanzando a través do traballo subido á páxina web, ou whatsapp e a través dos libros e material enviado á casa. As reunións webex ou por Nube manteríanse igual para impartir novo contido e solventar dúbidas ou problemas.

Na programación temos recollida unha hora semanal de tutoría, pero neste caso non podemos marcar unha hora inamovible. Adaptarémonos ás posibilidades horarias das familias par poder traballar todos xuntos e ben coordinados.

Sempre se manterá unha comunicación fluída cas familias para poder adaptarnos aos horarios, ás necesidades e solventar todas as dúbidas que

vaian xurdindo.

ESPECIALISTAS.-

- 1 neno/a solo.- Realizáranse actividades de reforzo tanto a través da páxina web na lapela correspondente a cada especialidade como da Nube. O contacto co alumno/a este tempo de confinamento realizárase a través da titoría. Estaríamos sempre a disposición das familias para reunirmos vía webex, telefonicamente ou por correo electrónico para solventar calquera dúbida

- Aula enteira.- O traballo sería igual que no anterior caso de actividades de reforzo e repaso e mantendo contacto cas familias a través do correo electrónico ou teléfono para axudalos no que fixera falta, en función do horario que mellor lle conveña ás súas circunstancias. Entendendo sempre que o traballo se correspondería coa sesión semanal ou dúas sesións semanais que ten asignada cada escola, e entendendo sempre que as idades do noso alumnado requiren axuda e atención por parte de un adulto para ser levadas a cabo polo que intentaremos sempre que a carga de traballo sexa a estritamente necesaria para non sobrecargalos.

- Peche total.- O noso alumnado ten moi pouca idade como para aguantar sesións de videoconferencia de máis de 30 minutos ou 20. Os especialistas intentando manter esa sesión semanal ou dúas, dependendo do curso do alumnado, poderemos coordinarnos cas titorías para poder entrar nas videoconferencias e traballar tamén co alumnado nese horario que xa sabemos que lles é máis cómodo as familias e poder facer un pequeno seguimento do traballo que están a realizar e as dúbidas que poidan ter.

O noso traballo será colgado na páxina web do centro na lapela de cada especialidade, videos, xogos, manualidades e actividades que aborden contidos novos que se reforzarían nesas sesións de videoconferencia compartida. Tamén poremos a disposición das familias os nosos correos electrónicos corporativos para que nos fagan chegar os materiais que lles pidamos en caso de necesitar facer un seguimento escrito da súa evolución. Na programación temos recollida unha hora semanal de titoría, pero neste caso non podemos marcar unha hora inamovible. Adaptarémonos ás posibilidades horarias das familias par poder traballar todos xuntos e ben coordinados.

Sempre se manterá unha comunicación fluída cas familias para poder adaptarnos aos horarios, ás necesidades e solventar todas as dúbidas que vaian xurdindo.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.-

En caso de presentarse a situación de confinamento dun alumno/a de NEAE nesta situación de pandemia, procederase do seguinte xeito:

Colgarase o material pertinente na páxina web do centro previa comunicación ca titoría e ca familia. Manterase contacto ca familia para falar da evolución ben vía correo electrónico ou por teléfono para corraxir e readaptar as actividades.

En todo caso enténdese que hai determinados casos nos que non se poderán

realizar determinadas actividades porque implican un traballo que físicamente non é viable.

A especialista de A.L do centro colgará en caso de confinamento xeral do centro actividades específicas e xerais para o alumnado que é maioritariamente de infantil, para poder "xogar ca lingua" e activar a linguaxe dun xeito lúdico.

Ao igual que o resto dos especialistas empregaremos cada pouco tempo as reunións de videoconferencia que se realizan desde a titoría para poder facer de xeito intrínseco un pequeno seguimento global da evolución do alumnado.

Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial

Finalizado o período de peche presencial da escola, escolas ou centro, realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva, tal e como se recolle no Protocolo enviado pola Consellería de Educación e Sanidade, que para os CRAs coma o noso entendemos que se desenvolverá de xeito diferente debido a pouca cantidade de alumnado que temos nas escolas e sabendo que son grupos de convivencia estables e case herméticos.

As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspónderalle a Autoridade Sanitaria e educativa pertinente.

Salientar a **responsabilidade de todas as persoas a nivel individual que forman a Comunidade Educativa no noso CRA, de contribuír ao cumprimento estrito das medidas de protección implantadas**, encamiñadas a controlar e a reducir a transmisión da COVID-19.

Este é un Plan vivo, adaptable e modificable no que toda a comunidade educativa e os servizos institucionais (Concellos e Consellerías) farán as súas achegas asumindo as funcións que lle corresponden, xa que O Equipo Directivo deste centro e o seu Equipo Docente non ten formación, nin competencia para asumir a organización e planificación dun Plan de adaptación de índole sanitario.

Deste xeito, corresponde ás empresas de limpeza actuais do centro, xestionar, planificar, organizar e desenvolver todo o que a medidas de hixiene se refire en función das medidas impostas polo Concello máis as acordadas co Centro e as distintas escolas.

Os horarios e planificación recollidos neste documento serán revisables cada pouco tempo. Adaptarémolos en función das necesidades e circunstancias familiares que se vaian producindo nas nosas escolas para conseguir entre todos o mellor desenvolvemento das tarefas a



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CRA. BOQUEIXÓN-VEDRA "Neira Vilas"

Centro sociocultural Camilo José Cela

Lestedo - 15881 Boqueixón (A Coruña) Tfno: 616440471

Correo Electrónico: cra.boqueixon.vedra@edu.xunta.es



realizar sen obviar en ningún momento ese acompañamento e axuda emocional que o noso alumnado e as nosas familias tanto necesitan.